

## SEMINARIO



# “Administración e control territorial do Reino de Galicia na Idade Moderna”

**DOCENTE: Rubén Castro Redondo**

Campus de Lugo

Universidade de Santiago de Compostela

### DATAS E LUGAR:

- 24 e 25 de novembro de 2025 de 10:00 a 12:00 na aula 11 da Facultade de Humanidades
- 27 de novembro de 2025 de 10:00 a 14:00 no Arquivo Histórico Provincial de Lugo

### Prezo da matrícula:

Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **25 €**

Externos ao programa: **29.41 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

**Prazo de matrícula:** Desde o 10 de outubro ata o 21 de novembro de 2025 ou rematar prazas. A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual na seguinte ligazón:

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=15016>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15

## INTRODUCCIÓN:

O seminario terá por obxecto reflexionar sobre o Reino de Galicia na Idade Moderna, no momento en que está totalmente incorporado á Coroa de Castela, pero con especificidades como a exclusión de voto propio nas Cortes ou a creación da primeira audiencia xudicial que rompía o espazo da Real Chancillería de Valladolid.

O seminario tratará de aborda-la administración dun territorio moi poboado, o máis densamente de toda a Península Ibérica, pero que se asentaba de maneira particular no territorio, dun xeito laxo, con moitos núcleos de poboación (+30.000) agrupados en parroquias (3.600), sen grandes baleiros pero tamén sen grandes cidades (ningunha de máis de 25.000 hab.). Todo iso repercutiu na maneira en que se exerceu o control, tanto de vista político como militar, pero sobre todo fiscal, na que é capital entende-lo sistema señorial, polo cal eran individuos e institucións diferentes á monarquía quen en realidade mandaban nos pobos, vilas e cidades da Galicia Moderna

## OBXECTIVOS:

Achegarse ó estudo da administración territorial da Galicia Moderna

- Comprende-lo enramado institucional da Idade Moderna no Reino de Galicia
- Reflexionar sobre a conexión entre a xeografía humana e a estrutura político-administrativa do vello reino
- Afondar no coñecemento do funcionamento institucional do reino a través das competencias políticas (Cortes de Castela e Xuntas do Reino de Galicia), gobernativas (Gobernador Capitán Xeral), xudiciais (Real Audiencia de Galicia) fiscais (provincias) e señoriais (xurisdicións locais)
- Acceder a documentación propia do Antigo Réxime sobre o control do territorio galego e a súa administración

## CONTIDOS:

- Introducción: o Reino de Galicia na Baixa Idade Media
- vello reino na nova monarquía castelá dende os Reis Católicos
- Goberno, xustiza e fisco na Galicia Moderna
- poder cotiá: o señorío
- Consulta de documentación da Idade Moderna sobre o goberno e a administración do Reino de Galicia:
  - O censo de pecheros de 1528
  - O vecindario do servizo de Millóns de 1591
  - O Catastro de Ensenada de 1754
  - O Nomenclátor de Floridablanca

## METODOLOXÍA:

A metodoloxía será mixta: por un lado, unha primeira parte teórica acerca do estudo dos conflitos sociais por parte das disciplinas humanísticas e sociais, así como da tipoloxía e expresión dos conflitos máis comúns e abundantes nas sociedades precontemporáneas, e especialmente na galega. Isto levarase a cabo no primeiro día do seminario, na Facultade de Humanidades da USC (4h); por outra banda, esta actividade ten un fondo sentido práctico, pois o segundo dos días a actividade desenvolverase no AHPL, para acceder de primeira man á documentación histórica real sobre conflitos conservada nos preitos de dito acervo, achegándose á dificultade que entraña o estudo deste fenómeno histórico. Isto levarase a cabo no segundo día do seminario, na Sala de Consulta do AHPL